

COMENTARIO DE TEXTO. A poesía galega de 1936 a 1975

NOME: _____

Faga un comentario literario do seguinte poema: do seu contido e da súa forma.
Xustifique cada afirmación con exemplos do texto. Extensión aprox. 200 palabras.

Redacte adecuadamente e revise a ortografía, xa que as faltas restarán puntuación.

O medo

Cando o corvo da noite se posaba
nas derradeiras luces do solpor,
os meus ollos de nano
enchíanse de bágoas e de lóstregos.
O vento que fungaba nas vereas
era un home langrán envolto en brétema
cun fol ó lombo pra levar meniños.
Os albres semellaban
pantasma de cabalos desbocados
agallopando os eidos.
Un medo que me viña das
raíces do mundo
tremíame no sangue.
Pasaba o xornaleiro asubiando
con dous luceiros prendidos na enxada,
i eu tiña medo.
Pasaba o cazador
con bafexantes cans
arrecendendo a toxos e carqueixas
i eu tiña medo.
Pasaban de ruada os fortes mozos
que voltaran da guerra tan contentes,
i eu tiña medo.
Ao pasar ó meu lado e verme os ollos,
alporizados, pasmos, decíanme:
“Non teñas medo”,
i eu tiña medo
Soio cando chegaba ós meus ouvidos
a doce voz de mel da miña vella,
xa non tiña medo.
Agora non comprendo
como aquil ser cativo,
aquela vella nena tan endébel,
(nos seus ollos azules
había luces de amenceres novos)
podía escorrentar tan grande medo.

O soño sulagado, Celso Emilio Ferreiro

O poema proposto para o comentario pertence a un dos últimos poemarios de Celso Emilio Ferreiro, *O sonho sulagado*, e enmárcase dentro da liña intimista da súa poesía. A temática xa vén anunciada no título: “o medo” que sente unha voz lírica infantil e que só é superado pola voz da súa vella (probablemente a nai, a avoa ou algunha muller anciá próxima).

Polo que respecta á forma do texto, atopámonos cun poema en verso libre e sen división estrófica, o que nos recorda á prosa poética. Mesmo non tendo estrofas, polo contido podemos distinguir tres partes. Na primeira parte (do verso 1 ao 13), descríbese o contexto do medo (“o corvo da noite”, “o vento que zoa”, as árbores coma pantasmas) e a orixe ancestral do mesmo. Na segunda parte (do verso 14 ao 24), enúncianse distintas circunstancias nas que a voz lírica se ve atenazada por ese medo: cos xornaleiros, cos cazadores, cos soldados... Esta parte ten un ritmo máis rápido, marcado polo retrouso “i eu tiña medo”, que se repite ao final de cada subparte, como réplica antitética ao “non teñas medo”. Un “non medo” que, como dicíamos, só se consegue na terceira parte (do verso 25 ao 33), cando a doce voz “da miña vella” o escorrenta.